

**Teresa Costa**

**LEMBRANDO FEDERICO (1898-1998)**

-A verdadeira dor  
mantén espertas as cousas.  
Federico García Lorca

O Poeta en Nova York sempre foi un mozo ferido pola lúa: vivía, bebía da súa luz, deitábase no seu tálamo de prata. Unha vez viu no ceo, mentres durmía, vestidos abandonados que lle pesaban sobre os ombros; viunos axuntados en ásperas mareiras de touros perdidos, ignorantes da súa furia. Buscador de incandescencias, queimábase en presenzas e esquecementos.. Un día en que as rúas eran un mar de distancias, topou cun grupo de mariñeiros que viñan do porto e que foron estirándose sobre as barandas mediterráneas ...

Máis dunha noite, non durmía. Cos ollos como améndoas abertas ao verán, aventuraba que só o soño é vida. Tal vez un día vexamos, como el vía, o esplendor, o rexurdimento das bolboretas disecadas. No ceo de xuño, a lúa bate, delicada, nunha fiestra pechada.

Teresa Costa-Gramunt

**HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM**

Cap home no pot veure  
el seu final  
Ezra Pound

Entro no fondo da Noite, levo un pasaporte na man: agora chámome Grietje Polak, e nacín en Amsterdam un día de agosto de 1883. Cando fun deportada ao campo de Sobidor tiña sesenta anos.

É a hora do sismo, do instante da fenda que ha de partir o mundo en mil metades: indiferents, os verdugos actúan con todo coidado, com se tivesen que facer un agasallo ao Tempo.

Os filmes, en branco e negro, reproducen os nosos movementos: toda a natureza humana posta ao servizo do Bén e do Mal, sen matices. Mentres rezamos, outros amolan as ferramentas do saber branqueados con batas de hospital; algúns ampáranse nos vestidos caquis do uniforme. E penso que é un dobre camiño o que nos leva á Morte: a vontade de Extermino e ningunha oportunidade de defensa nin de perdón.

Adonai, Adonai, ¿esquecéchenos?

Entro nun vagón escuro  
só un pequeno cadrado,  
un palmo e medio de luz,  
de ceo imaxinado ...

Quen podería dicir, agora mesmo,  
cales de nós son as bestas,  
e cales os santos?

Non nego a Historia.

Non nego o Crime.

Nego a Razón da Senrazón.

Son outra: Grietje. Non sei o nome deste funcionario que, coas súas botas agarradas ao leito, ha empobrecer a Memoria humana. Agora, silencio: estamos a 23 de xuño de 1943 e hoxe hei morrer pensando, á mañá, en Júlia (filla, onde estás?), e en Frederik, o compañeiro da miña vida. Convírtome en recordo sen comprender aínda por que.

## **RECORDANT FEDERICO (1898-1998)**

El veritable dolor  
manté despertes les coses.  
Federico García Lorca

El Poeta a Nova York sempre va ser un noi ferit per la lluna: vivia, bevia de la seva llum, s'allitava en el seu tàlem de plata. Una vegada va veure al cel, mentre dormia, vestits abandonats que li pesaven sobre les espatlles; els va veure aplegats en aspres maregasses de braus perduts, ignorants de la seva fúria. Buscador d'incandescències, es cremava en presències i en oblits. Un dia que els carrers eren un mar de distàncies, va trobar-se un estol de mariners que venien del port- i que van anar estirant-se damunt les baranes mediterrànies ...

Més d'una nit, no dormia. Amb els ulls com ametllons badats a l'estiu, aventurava que només el somni és vida. Potser un dia veurem, com ell veia, l'esplendor, el ressorgiment dels papallons dissecats. Al cel de juny, la lluna tusta, delicada, una finestra closa.

Teresa Costa-Gramunt  
("Noviluni a Washington" - Editorial Moll, 2001)

## **HOLOCAUST MEMORIAL MUSEUM**

Cap home no pot veure  
el seu final  
Ezra Pound

Entro al fons de la Nit, porto un passaport a la mà: ara em dic Grietje Polak, i sóc nascuda a Amsterdam un dia d'agost de 1883. Quan vaig ser deportada al camp de Sobidor tenia seixanta anys.

És l'hora del sisme, de l'instant de l'esclatxa que ha de partir el món en mil meitats: indiferents, els botxins actuen amb tota cura, com si haguessin de fer un regal al Temps. Els films, en blanc i negre, reproduïxen els nostres moviments: tota la naturalesa humana posada al servei del Bé i del Mal, sense matisos. Mentre resem, altres esmolten les eines del saber blanquejats amb bates d'hospital; alguns s'emparen en els vestits caquis d'uniforme. I penso que és un camí doble el que ens duu a la Mort: la voluntat d'Extermini i cap oportunitat de defensa ni de perdó. Adonai, Adonai, ens has oblidat?

Entro en un vagó fosc,  
només un petit quadrat,  
un pam i mig de llum,  
de cel imaginat ...

Qui podria dir, ara mateix,  
quins de nosaltres són les bèsties,  
i quins els sants?

No nego la Història.

No nego el Crim.

Nego la Raó de la Desraó.

Sóc una altra: la Grietje. No sé el nom d'aquest funcionari que, amb les seves botes arrapades a la cama, empobrirà la Memòria humana. Ara, silenci: som el 23 de juny de 1943 i avui moriré pensant, al matí, en Júlia (filla, on ets?), i en Frederik, el company de la meua vida. Esdevinc record sense comprendre, encara per què.